

PIANO MEETING OURENSE 2018

BASES DO CONCURSO

1. A finalidade da convocatoria deste concurso para participar no "Piano Meeting 2018" é promover e apoiar aos novos valores da música nunha xornada que se desenvolverá nas rúas da cidade de Ourense a finais do mes de setembro. A data definitiva farase pública con dúas semanas de antelación e será o 22 ou o 29 de setembro, dependendo das condicións meteorolóxicas.

PARTICIPANTES

2. Poderá participar nesta convocatoria calquera pianista/grupo con piano nado no ano 1983 e posteriores (no caso dos grupos, a maioría dos compoñentes deberán cumprir este requisito), en España ou Portugal, ou residentes nestes países.

3. Cada participante poderá presentarse como pianista solista, nunha agrupación con piano, piano a catro mans, piano con canto ou nas múltiples vertentes de formacións con piano que existen. Tamén se poderá participar tocando diferentes estilos, entendendo como tales: música clásica, jazz, folk, pop-rock...

4. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e do resultado do mesmo.

5. O gañador do primeiro premio do Piano Meeting 2017 non poderá presentarse ao concurso este ano.

INSCRIPCIÓN

6. A inscrición realizarase online, a través do enderezo web www.pianomeeting.com.

7. A inscrición é totalmente gratuita.

8. O prazo de inscrición e envío de vídeos finaliza o 23 de xullo ás 23:59h.

9. As persoas inscritas deberán enviar o seu vídeo, cunha duración máxima de 10 minutos, á dirección de correo comunicacion@pianomeeting.com. Poderán utilizar plataformas de envío como WeTransfer, Flyred ou Ydray, sempre especificando no envío a quen pertence o vídeo, que posteriormente será engadido pola organización do Festival á canle propia de YouTube.

10. Xunto co formulario adxuntarase o CV (máx. 300 palabras) coa información que considere de importancia a persoa participante.

XURADO

11. Para valorar os vídeos das persoas participantes, nomearase un xurado composto por diferentes personalidades do ámbito musical español, presidido polo pianista e director artístico do Festival, Javier Otero Neira.

12. A decisión do xurado que valorará os traballos presentados será inapelable e farase constar na correspondente acta.

13. A decisión do xurado farase pública o día 31 de xullo de 2018 en rolda de prensa, previa comunicación ás persoas gañadoras.

14. O xurado resérvase o dereito a resolver calquera circunstancia non contemplada nestas bases, así como a interpretar as mesmas.

FASES

SEMIFINAL

15. O xurado seleccionará entre as persoas participantes un total de 30 concursantes, que serán semifinalistas.

FINAL

16. O 31 de xullo darase a coñecer en rolda de prensa e a través das redes sociais do Piano Meeting o nome das 10 persoas finalistas seleccionadas polo xurado para tocar no Festival, entre as que se incluírán as persoas gañadoras do Primeiro e Segundo Premio. Asimesmo, comunicarase o nome dos restantes 20 participantes, dos cales 10 serán seleccionados como finalistas por voto popular a través das redes sociais do evento para tocar no Festival. O público deberá votar aos seus participantes favoritos a través da aplicación EasyPromos. O prazo rematará o domingo 2 de setembro, e darase a coñecer a lista de finalistas o luns 3 de setembro a través das redes sociais do Piano Meeting.

PREMIOS

17. Haberá un Primeiro Premio dotado con 1000€ e un Segundo Premio dotado con 500€.

18. Para os 10 finalistas seleccionados polo xurado, o custo de transporte e aloxamento correrá a cargo da organización.

19. Os 20 finalistas dispoñerán de 30 minutos no emprazamento que a organización estipule para a realización da súa actuación, e os seus nomes figurarán no programa do Festival.

COMPROMISOS

20. Os participantes no concurso de selección autorizan a difusión do material audiovisual enviado mediante calquera canle e as persoas finalistas que actuarán no Piano Meeting autorizan á organización a gravar en soporte audiovisual o evento e a difundir públicamente as súas actuacións.

21. Os participantes comprométese a actuar na data proposta pola organización da que serán avisados cunha antelación aproximada de dúas semanas. A data prevista é o 22 de setembro, se a meteoroloxía acompaña.

22. As persoas galardoadas co Primeiro e Segundo Premio deberán asistir ao Piano Meeting Ourense 2018 para ter dereito ao mesmo.